



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS ENSIANZAS DA EDUCACIÓN INFANTIL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 3 de outubro de 2007, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se regulan as ensinanzas da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. O Consello Escolar de Galicia propón a substitución do texto: “*os obxectivos, fins e principios xerais*” que aparece na liña 15 da páxina 1 por estoutro: “*os principios xerais, fins e os obxectivos*”.
(páxina 1, liña 15)
2. O Consello Escolar de Galicia propón a substitución do texto: “*e o resto dos axentes educativos*” que aparece na liña 24 da páxina 2 polo seguinte: “*e os demais axentes educativos*”.
(páxina 2, liña 24)
3. Así mesmo propón a adición do seguinte texto: “*As administracións competentes procurarán que haxa unha oferta suficiente de prazas no primeiro ciclo e garantirana no segundo.*” para completar o texto do punto 4 do artigo 2. Principios xerais.
(páxina 3, liña 27)
4. No artigo 4, apartado g), propónse a substitución da expresión: “lingua escrita”; polo seguinte: “*lectura e escritura*”.
(páxina 4, liña 26)
5. Propónse tamén a substitución do termo: “*da*” que aparece na liña 7 da páxina 7 polo seguinte: “*que desempeñan o seu labor na*” para completar o punto 3 do artigo 8. Avaliación.
(páxina 7, liña 7)
6. Tamén propón a substitución do seguinte texto: “*Os departamentos*” que aparece na liña 12 da páxina 8 por estoutro: “*O departamento ou departamentos*”.
(páxina 8, liña 12)



7. O Consello Escolar propón a supresión do parágrafo primeiro do artigo 12, que comeza por: “*De acordo coa normativa vixente...*” e remata en: “*...na mesma*”.
(páxina 8, liñas 23 a 26)
8. No parágrafo segundo do artigo 12, propónse a inclusión da expresión: “*De acordo coa normativa vixente,*” ao comezo deste.
(páxina 8, liña 27)
9. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que revise o emprego do termo “*sistema educativo bilingüe*” que aparece na liña 28 da páxina 8 por consideralo non apropiado neste contexto.
(páxina 8, liña 28)
10. Propón tamén a supresión da expresión: “*sen traumas excesivos*” que aparece nas liñas 16 e 17 da páxina 32.
(páxina 32, liñas 16 e 17)
11. Propón ademais a substitución do termo: “*accidentes domésticos*” que aparece na liña 11 da páxina 40 por outro que diga: “*accidentes na casa, na escola e na rúa*”.
(páxina 40, liña 11)
12. Igualmente propón a inclusión do texto: “*da tradición e*” seguidamente da expresión: “*...elementos significativos propios*” que aparece na liña 20 da páxina 48.
(páxina 48, liña 20)
13. Por último, o Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que teña en consideración engadir un apartado 5 sobre ***O papel das familias***, a continuación dos anteriores: *3. O papel do profesorado e 4. O papel do alumnado*, que aparecen nas orientacións metodolóxicas do segundo ciclo (páxina 66) sen valor normativo para as familias e que poida servir para achegar ideas sobre como afrontar este labor educativo, necesariamente coordinado, no que estas teñen especial protagonismo.
(páxina 66)

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo